

ACORDO DE COLABORACIÓN

ENTRE

A XUNTA DE GALICIA

E

**RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL
ESTATAL, SA**

En Santiago de Compostela, a 21 de abril do 2023

INTERVEÑEN

Dunha parte, a **XUNTA DE GALICIA** (en diante Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades), representada por don **Román Rodríguez González**, Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo e de acordo ao seu nomeamento polo Decreto 60/2022, do 15 de maio e do uso das atribucións que lle confire o Decreto 119/2022 do 20 de xuño, publicado no DOG número 126, do 4 de xullo, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

E doutra, **RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL, SA** (en diante Renfe Viajeros) representada por dona **Sonia Araujo López**, con domicilio social en Madrid, avenida de Pío XII, 110, con NIF número A-86868189, constituída o día once de decembro de 2013 ante o notario de Madrid don José Manuel Senante Romero baixo o número 3553 do seu protocolo, inscrita no Rexistro Mercantil de Madrid, tomo 31997, folio 1, sección 8 e folla M-575733, cuxos poderes posúe.

As partes recoñécense reciprocamente, a capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente Acordo de Colaboración e, para ese efecto:

EXPOÑEN

I.- Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, desexa desenvolver diferentes accións co obxecto de promover as letras e a lingua galegas, para o que está interesada na súa promoción mediante o transporte por ferrocarril.

II.- Que Renfe Viajeros ten como obxecto social a prestación de servizos de transporte de viaxeiros por ferrocarril, tanto nacional como internacional, a mediación na prestación de calquera servizo turístico, organización, oferta e/ou comercialización de viaxes combinadas ou produtos turísticos, así como a prestación doutros servizos ou actividades complementarias ou vinculadas ao transporte ferroviario.

III.- Que o transporte de viaxeiros por ferrocarril constitúe un servizo esencial para o desenvolvemento de Galicia e os seus municipios, tanto como garantía do exercicio de dereitos básicos das persoas como en canto á súa contribución ao desenvolvemento do conxunto de actividades económicas e á propia configuración das súas cidades e vilas.

IV.- Que o transporte ferroviario foi desde sempre o vehículo para transportar non só viaxeiros e mercadorías, senón tamén a cultura e o desenvolvemento.

V.- Que, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, o próximo 17 de maio de 2023, que este ano está dedicado a Francisco Fernández del Riego, ambas as partes pretenden colaborar na realización de accións conxuntas encamiñadas a promover e fomentar a cultura e a lingua galegas a través dos servizos de Renfe Viajeros, así como a promoción deste transporte.

VI.- Que ambas as entidades acordaron celebrar un Acordo de Colaboración entre Renfe Viajeros e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística para levar a cabo estas accións.

En virtude de canto antecede, considérase necesario establecer un Acordo de Colaboración conforme as seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. – Obxecto

O obxecto do presente Acordo de Colaboración é establecer os elementos necesarios para o bo desenvolvemento das accións encamiñadas á divulgación da cultura e a lingua galegas, con ocasión da celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio de 2023, nos trens e servizos de Renfe Viajeros fomentando tamén o uso dese transporte para gozar da axenda cultural que desenvolverá nas diferentes localidades de Galicia.

As accións previstas neste Acordo de Colaboración quedarán condicionadas, en canto á súa implantación, ás normas sanitarias vixentes en cada momento.

Segunda. - Compromiso de colaboración

As accións que se acorda realizar no marco do Día das Letras Galegas 2023 son:

Exposición dos carteis gañadores do Concurso das Letras Galegas 2023, correspondente á categoría de educación secundaria, nos espazos de información ao viaxeiro que Renfe Viajeros ten asignados nas estacións.

Impresión dos repousacabezas coa imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2023 da Xunta de Galicia para expoñer nos trens de alta velocidade, serie 121, que fan servizos AVANT e MD nos corredores A Coruña-Santiago de Compostela-Vigo/A Coruña-Santiago de Compostela-Ourense.

As partes asinantes do presente Acordo de Colaboración comprométense a impulsar a través da concreción en acordos de colaboración específicos, outras accións futuras de promoción da lingua e cultura galegas.

Terceira. - Compromiso da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística

A Secretaría Xeral de Política Lingüística comprométese a facerse cargo de todos os gastos que poidan orixinarse coa posta en marcha das accións relacionadas na cláusula segunda.

Cuarta. - Compromisos de Renfe Viajeros

Renfe Viajeros comprométese a adecuar os espazos de información asignados nas estacións e trens para expoñer os carteis dos gañadores do Concurso das Letras Galegas e a imaxe promocional da Xunta de Galicia.

Quinta. - Propiedade industrial, imaxe e marca

A denominación social de cada unha das partes, as súas marcas rexistradas, logotipos e calquera signo distintivo son propiedade exclusiva de cada unha delas.

Ningunha das partes asinantes do presente Acordo de Colaboración poderá utilizar marcas, distintivos ou dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca da outra parte para fins distintos dos expresamente indicados no presente Acordo de Colaboración.

Cada unha das partes garántelle á outra que é titular da totalidade das marcas e calquera outros dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca que serán utilizados pola outra parte en virtude do presente Acordo de Colaboración ou, se é o caso, que conta coas autorizacións correspondentes do seu titular para cumprir coas obrigacións

previstas neste. Ambas as partes comprométense a utilizar os signos distintivos da outra parte segundo o acordado.

A utilización por unha das partes, no marco das obrigacións previstas no presente Acordo de Colaboración, dos logotipos e da imaxe corporativa da outra requirirá, en todo caso, a supervisión previa e a aprobación por escrito desta última que, ademais, deberá prestar a súa conformidade á colocación e localización dos seus signos distintivos na documentación ou soporte de que se trate elaborada pola outra parte. Para o obxecto do presente Acordo de Colaboración enténdese outorgada coa sinatura do presente documento.

A utilización por unha das partes das marcas e calquera outros dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca titularidade da outra parte para os fins previstos no presente Acordo de Colaboración non comportará de ningún xeito a adquisición por aquel dalgún dereito sobre estes.

Cada parte queda obrigada a devolver no estado que resulte do seu uso razoable ou destruír, a elección da outra parte, os elementos, soportes e signos distintivos que recibise desta unha vez termine a relación entre ambas as partes por calquera motivo. A partir dese momento, a parte que non fose titular dos devanditos dereitos de propiedade industrial, imaxe e marca non poderá volver utilizar a marca ou calquera outros signos distintivos da outra parte en ningún soporte.

Sexta. – Confidencialidade

A información pertencente a calquera das partes á que a outra puidese ocasionalmente ter acceso en virtude do presente Acordo de Colaboración ten carácter estritamente confidencial.

As partes obríganse a manter en segredo esta información, tanto durante o prazo de vixencia do presente Acordo de Colaboración como despois da súa expiración, salvo naqueles aspectos que pasasen ao dominio público ou foren notorios por medios alleos ás partes.

Así mesmo, e con excepción, se é o caso, do establecido expresamente no presente Acordo de Colaboración, as partes obríganse a manter a máis estrita confidencialidade respecto ao contido do presente Acordo de Colaboración, e comprométense a adoptar todas as medidas que sexan necesarias para asegurar o cumprimento desta obrigaón polos seus respectivos empelados e/ou colaboradores.

Sétima. - Comisión de seguimento

As partes asinantes poderán propoñer a creación dunha comisión de seguimento que tería por obxecto resolver os problemas de interpretación e cumprimento que puidesen exporse con respecto ao presente Acordo de Colaboración, así como o seguimento periódico das accións previstas. A comisión poderá constituírse por iniciativa de calquera das partes a partir da sinatura do presente Acordo de Colaboración e estará composta por dous representantes de cada unha delas.

Oitava. – Protección de datos

As partes do presente Acordo de Colaboración coñecen e obríganse a cumprir o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPD), e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, así como a súa normativa de desenvolvemento.

Os datos de carácter persoal dos asinantes do presente Acordo de Colaboración ou das persoas de contacto que se lle faciliten á outra parte, serán tratados por Renfe Viajeros e pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades coa finalidade de xestionar a relación que, mediante a sinatura deste instrumento, se formaliza entre elas, relativa ao presente Acordo, sendo a base lexitimadora do tratamento a execución do presente Acordo de Colaboración.

Os datos persoais dos asinantes serán conservados por Renfe Viajeros e pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades durante o período de vixencia do presente Acordo de colaboración e, tras a súa finalización, durante o tempo legalmente establecido para atender ás posibles responsabilidades,

non estando prevista a súa comunicación ou cesión a terceiros, salvo obrigaón legal.

Renfe Viajeros e a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades informan os asinantes que en calquera momento poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, oposición e portabilidade dos datos, e deberán para este efecto dirixirse por escrito, mediante correo postal ou electrónico, a calquera dos enderezos que se indican a continuación, e acompañar o seu documento nacional de identidade ou outro documento oficial acreditativo da súa identidade:

Renfe Viajeros:

- Por correo electrónico: derechos.viajeros@renfe.es
- Por correo postal dirixido a RENFE VIAJEROS SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL, SA, avenida Ciudad de Barcelona, 8, 1.ª planta, 28007 Madrid.

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:

- Por correo electrónico: sxt.cultura.educacion@xunta.gal.
- Por correo postal: Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Edificio Administrativo San Caetano 15781 Santiago de Compostela (A Coruña)

Infórmase igualmente os asinantes que poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos ou a outra autoridade de control competente no caso de que consideren que os seus datos non foron tratados correctamente.

Novena. – Reciprocidade das contraprestacións

As contraprestacións proporcionadas en razón a este Acordo de Colaboración tanto por Renfe Viajeros como pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e reflectidas anteriormente neste documento, resultan equilibradas en canto á valoración que fan ambas as partes das súas achegas, xa sexa en activos e bens como en soportes publicitarios de promoción, e dan por xusta e equitativa a repartición que cada parte outorga á valoración das súas achegas. Os compromisos asumidos polos

asinantes do presente Acordo de Colaboración non supoñen un gasto no ámbito orzamentario nin ningún desembolso monetario, xa que o alcance se limita a un intercambio de recursos.

Décima. - Comunicacóns

As comunicacóns entre as partes realizaranse por calquera medio que permita acreditar a súa recepción pola outra e serán válidas para estes efectos as comunicacóns por correo electrónico, correo certificado ou calquera medio habitual de comunicación.

Todas as notificacións e comunicacóns que deban efectuarse as partes dirixiranse aos enderezos que se indican a continuación:

Xunta de Galicia	Renfe Viajeros
Elvira María Casal García Rúa San Roque, 2 15781 Santiago de Compostela Telf.: 881 996 319 Enderezo-e: elvira.maria.casal.garcia@xunta.gal .	Alberto Martínez Atienza Avenida Ferrocarril, 4 A Coruña Telf.: 981 164 230 Enderezo-e: aatienza@renfe.es

No caso de que se produza un cambio de enderezo e/ou de persoa de contacto de calquera das partes, deberáselle comunicar por escrito á outra parte e indicarse o novo enderezo e/ou a nova persoa de contacto e a data a partir da cal deberán dirixirse a ela as notificacións ou comunicacóns.

Undécima. – Cesión

Ningunha das partes asinantes do presente Acordo de Colaboración poderá cedelo total ou parcialmente nin transferir ou subrogar nos seus dereitos e obrigacións a ningún terceiro sen consentimento previo, expreso e escrito da outra parte.

Duodécima. –Vixencia

O presente Acordo de Colaboración entrará en vigor o día 1 de maio de 2023 e permanecerá vixente ata o día 31 de decembro de 2023.

Décimo terceira. - Modificacións

Ningunha alteración do presente Acordo de Colaboración será válida salvo se se efectúa por escrito e é subscrita por ambas as partes.

Décimo cuarta. - Nulidade parcial

A invalidez ou inexecutabilidade de calquera previsión ou estipulación do presente Acordo de Colaboración, non afectará nin impedirá a permanencia en vigor da súa parte restante.

Así mesmo, en lugar da devandita estipulación inválida ou inexecutable, é intención das partes que se engada como parte do presente Acordo de Colaboración unha estipulación tan similar nos seus termos á devandita estipulación inválida ou inexecutable como sexa posible, que sexa válida e executable.

Décimo quinta. - Renuncia aos dereitos

A falta de exercicio ou demora no exercicio dun dereito ou acción de acordo co presente Acordo de Colaboración non constituirá, salvo previsión expresa en contrario, unha renuncia ao dereito ou acción nin unha renuncia aos demais dereitos ou accións. Así mesmo, o exercicio parcial de calquera dereito ou acción de acordo co presente Acordo de Colaboración non impedirá o ulterior exercicio de calquera outro dereito ou acción.

Décimo sexta. - Acordo total

O presente Acordo de Colaboración forma unha unidade e representa o acordo total entre as partes, e substitúe a calquera outro que puidese subscribirse entre estas con o mesmo obxecto.

Décimo sétima. – Ética e cumprimento

As partes asumen os seguintes compromisos:

- Obrigación de non ter conflito de intereses no ámbito do obxecto do Acordo de Colaboración.
- Obrigación de respectar os principios de libre mercado e concorrência competitiva, absténdose de realizar conduta ningunha que teña por obxecto ou poda producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia, como por exemplo os comportamentos colusorios ou de competencia fraudulenta. Prohíbese expresamente calquera intercambio de información sensible entre as partes que poida supoñer un acordo ou práctica ilícita no sentido descrito polos artigos 101 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia.
- Obrigación de absterse de solicitar -directa ou indirectamente- a calquera dos seus empregados, que inflúa no normal desenvolvemento e execución dos acordos establecidos no presente Acordo de Colaboración.
- Así mesmo, absterse de ofrecer ou facilitar algunha vantaxe persoal ou material tanto aos seus empregados como aos seus cónxuxes, persoas vinculadas con análoga relación de convivencia afectiva, ascendentes e descendentes; así como a parentes en segundo grao por consanguinidade ou afinidade das persoas a que se refiren os parágrafos anteriores.
- Cumprir cos estándares nacionais e internacionais en materia de ética empresarial, contidos nos códigos éticos ou sistemas de ética propios. No caso de que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades non dispoña de código ético ou sistema de ética propio, comprométese a cumprir cos estándares en materia de ética empresarial, adheríndose aos principios e valores de actuación definidos no Código Ético RENFE/Grupo RENFE (cuxo contido pode consultarse na páxina web de RENFE: <http://www.renfe.com>).
- Garantir o principio de indemnidade e a confidencialidade ás persoas que notifiquen irregularidades.
- Cumprir coas obrigacións tributarias que conforme coa lexislación vixente sexan esixibles en cada momento no que afecte a este acordo.

As obrigacións citadas nos parágrafos precedentes serán esixibles, igualmente, ao persoal de cada unha das partes relacionado coa xestión e o cumprimento deste acordo, así como a calquera subcontratista, axente ou terceiro relacionado con este, e ao persoal empregado para o efecto.

As obrigacións establecidas nesta estipulación teñen a consideración de obrigacións esenciais, polo que ambas as partes, en función das circunstancias que concorran e tendo en conta os principios de gradación da sanción, contradición e proporcionalidade, quedan facultadas para resolver o presente acordo por causa imputable á outra, cos efectos correspondentes e sen prexuízo do resarcimento dos danos e perdas que a parte incumpridora deba asumir fronte á outra polo incumprimento destas obrigacións, salvo que a parte incumpridora solucione o incumprimento nun prazo de 30 días naturais desde a recepción de notificación enviada á outra parte.

Décimo oitava. - Resolución

Serán causas de resolución do presente Acordo de Colaboración de pleno dereito, ademais das causas xerais recoñecidas polo Código civil, as seguintes:

- Por acordo expreso entre as partes.
- A expiración do prazo de vixencia.
- A instancia de calquera das partes, polas causas xerais establecidas na lei e polo incumprimento das obrigacións previstas neste no caso de que o devandito incumprimento non fose liquidado no prazo de cinco días desde a notificación da infracción á parte incumpridora.
- Por supresión do servizo ferroviario nos traxectos obxecto do presente Acordo de Colaboración salvo por causas de forza maior, incluída a folga, con total indemnidade para Renfe Viajeros. En caso de folga poderán suspenderse totalmente as obrigacións das partes con total indemnidade para estas.

Décimo novena. - Lexislación aplicable e xurisdición

O presente Acordo de Colaboración réxese polas súas estipulacións e, en todo o non previsto nel, pola lexislación española aplicable.

Ambas as partes acordan que todo litixio, discrepancia, cuestión ou reclamación resultantes da execución ou interpretación do presente Acordo de Colaboración ou relacionados con el, directa ou indirectamente, someteranse ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais de Madrid capital, con expresa renuncia das partes a calquera outros foros que puidesen corresponderlles.

Así o acordan e conveñen, para cuxo fin e para a súa debida constancia, asinan o presente Acordo de Colaboración electronicamente, e queda un exemplar en poder de cada unha das partes, que será fraccionado na data de sinatura do último dos signatarios.

XUNTA DE GALICIA

**RENFE VIAJEROS
SOCIEDADE MERCANTIL ESTATAL, SA**

D. Román Rodríguez González

D.ª Sonia Araujo López